

## *Determinación da fronteira lingüística entre o galego e o leonés nas provincias de León e Zamora*

Ana SECO OROSA

### RÉSUMÉ

L'analyse de la barrière linguistique entre le galicien et le léonnais consiste d'abord à définir les phénomènes pertinents afin de déterminer cette dernière et par la suite l'analyse consiste à tracer les isoglosses qui correspondent à chacun de ces phénomènes. Suivant la combinaison et la distribution de ces isoglosses, nous distinguons les lieux (zones) où elles se s'accumulent en faisceaux et les zones où elles sont libres (où elles circulent librement); dans le premier cas, le passage d'un domaine à l'autre a lieu de façon abrupte, et dans le deuxième de façon graduelle (petit à petit): les isoglosses libres déterminent l'existence, entre ces deux domaines (territoires, zones), de dialectes de transition qui fluctuent entre le galicien et le léonnais et ce de manière plus ou moins importante selon que dominent les traits galiciens, léonnais ou les solutions intermédiaires. Après avoir défini ces dialectes de transition par rapport aux entités dialectales en contact (galicien et léonnais), nous procédons à la représentation de la frontière linguistique: là où nous trouvons des faisceaux d'isoglosses nous pouvons tracer une ligne de partage bien nette; en revanche, dans les lieux où circulent librement les isoglosses, où plus encore qu'une barrière il se forme un «continuum» entre les deux domaines linguistiques, nous pouvons seulement proposer une ligne de partage approximative, artificielle, un tracé basé sur la typologie des dialectes de transition. En prenant tout cela en considération, nous proposerons une ligne qui délimite la frontière entre le galicien et le léonnais dans les provinces de León et Zamora.

**Mots clefs:** Galicien, léonnais, dialectes de transition, frontière linguistique.

O contido deste estudio vai dirixido a describir, na medida do posible, os aspectos a ter en conta para determina-la fronteira lingüística entre ga-

lego e leonés alí onde se encontran estas dúas modalidades, no territorio das provincias de León e Zamora <sup>1</sup>. Así, intentaremos diferenciar, desde unha perspectiva estrictamente lingüística, os fenómenos pertinentes para a delimitación da fronteira; a continuación, e a partir dunha rede de puntos o máis mesta posible, trazarémo-las isoglosas correspondentes que marcarán o contorno xeográfico de cada un destes fenómenos lingüísticos e separarán a presenza do trazo nunha área da súa ausencia noutra. Examinarémo-la distribución destas isoglosas antes de intentar traza-la fronteira lingüística: segundo sexa o decorrer destas isoglosas, en feixes ou soltas, o paso do galego ó leonés realizarase de modo abrupto ou de modo gradual; traza-la fronteira lingüística entre galego e leonés non será difícil no primeiro caso, pero no segundo, as isoglosas que corren soltas están determinando a existencia dunha área de transición entre os dous dominios na que aparecen unhas falas con comportamentos especiais en relación a eles, unhas falas de transición que debemos ter en conta para poder determina-lo que acontece nesta zona fronteiriza. Unha vez considerados estes factores, que pasamos a detallar a continuación, estamos en condicións de intentar delimita-la fronteira entre o galego e o leonés.

## TRAZOS PERTINENTES PARA A DELIMITACIÓN DA FRONTEIRA. TRAZADO DAS ISOGLOSAS

Os trazos que se consideraron realmente pertinentes para establecer unha fronteira entre galego e leonés foron determinados fundamentalmente tras examina-los datos obtidos *in situ* nos puntos de León e Zamora que foron obxecto de estudo. Pero esta especial atención ós datos de campo e ás conclusións que deles podíamos obter non impediu que tiveramos presentes en todo momento do proceso os datos procedentes dos estudos que dalgún modo se achegaron á cuestión dos límites, e por conseguinte dos fe-

<sup>1</sup> Antes de entrar no tema que nos ocupa, queremos facer unhas observacións previas relativas ó tratamento do mesmo. O estudo dunha fronteira lingüística pode abordarse desde múltiples enfoques. De entre eles, optamos aquí por propoñe-lo trazado da fronteira: o presente estudio vai orientado a comenta-los pasos que se deron para chegar á súa delimitación. Os datos empregados no proceso van ser basicamente os obtidos *in situ*, e as conclusións a que cheguemos serán aquelas a que nos conducen estes datos. Resulta de gran interese o estudio comparativo entre estes datos e os procedentes de fontes bibliográficas, pois permite contrasta-las conclusións a que chegamos coas que aparecen nos estudos realizados anteriormente sobre o tema (podemos comparar mapas, clasificacións, outros trazados de fronteira na zona, etc.); serán razóns de espacio as que impidan presentar aquí este estudio comparativo.

no menos que podían ser pertinentes para marca-la fronteira<sup>2</sup>. Centrémonos agora en explicar —o máis brevemente posible— cómo se desenrolou o proceso que nos levou a determina-los trazos pertinentes para a delimitación da fronteira entre galego e leonés.

Nunha primeira fase, elaborouse un cuestionario amplo no que foron considerados tódolos fenómenos que caracterizan ó galego e ó leonés, tan-

<sup>2</sup> A maior parte dos estudos sobre o dominio leonés fan referencia de forma máis ou menos explícita a unha zona fronteiriza co galego. Deixamos os que tratan outros territorios para centramos aquí en examinar brevemente aqueles estudos que se ocuparon da zona limítrofe do galego nas provincias de León e Zamora. Atendemos ós fenómenos que consideran -aínda que nalgúns estudos falta precisión ó determina-los trazos que permiten delimitar unha fronteira-, e diferenciamos tres grupos. O primeiro está formado por aqueles estudos que seguen un criterio monoisoglósico e consideran un único trazo, o resultado de Ę, õ breves latinos, isoglosa de aditongación/ditongación, para marca-lo límite entre galego e leonés: Menéndez Pidal (1906), García del Castillo *et alii* (1957). A un segundo grupo pertencen aqueles estudos que consideran a zona fronteiriza como de «mestura», «área de transición», «leonés galeguizado»: Gutiérrez Tuñón (1975) e Teruelo Núñez (1975). Unha vez examinados estes dous grupos de estudos, descartámoslos por non seren suficientes para describi-la realidade lingüística da fronteira; atendemos, pois, a un terceiro grupo, o formado por aqueles estudos que combinan unha serie de trazos para determina-la fronteira, feito que se traduce na consideración de varias isoglosas: Catalán Menéndez Pidal (1956-57), Fernández Rei (1990a, 1990b, 1991), García García (1984), Neira Martínez (1989), Zamora Vicente (1989). Nestes estudos, os trazos considerados non son os mesmos: todos coinciden en ter en conta o resultado de Ę, AE, õ latinos, a evolución de -N-, a evolución de L-, -LL- e a evolución de -L-, pero ós citados, García García (1984) engade a terminación -ĪNŪM dos diminutivos e Catalán Menéndez Pidal (1956-57) os pronomes persoais átonos P2, a desinencia -n na P1 do perfecto e a desinencia na P2 dos perfectos; ós comúns a tódolos estudos e ós indicados por Catalán, Fernández Rei suma dous máis: o pronome persoal tónico P1 e os presentes VĒNIO, TĒNEO.

Os trazos citados por estes autores non parecen ser iguais xerarquicamente, e cremos que poderían separarse en tres bloques: un primeiro bloque estaría composto por aqueles trazos que son determinantes da estrutura da lingua, propios da súa constitución, e por tanto pertinentes para trazar unha fronteira; serían os resultados de Ę, õ, a evolución de -N-, a evolución de L-, -LL-, a evolución de -L- e os resultados dos presentes TĒNEO, VĒNIO. Nun segundo bloque situariamos unha serie de trazos que poderían ser incluídos dentro dos anteriores, como o resultado do pronome persoal ĒGO (que pode incluírse na evolución de Ę latino) e o resultado dos diminutivos procedentes de -ĪNŪM (na evolución de -N-). Por último, no terceiro bloque recolleriamos aqueles trazos que poden ser considerados dialectais dentro do propio galego, resultados diverxentes dunha forma, cunha determinada distribución xeográfica: sería o caso dos pronomes persoais *che/te*, a desinencia -n na P1 do perfecto e a desinencia na P2 dos perfectos. Para observa-la distribución dialectal destes fenómenos dentro das falas galegas, cf. Fernández Rei (1990a: 77, mapa 29; 85-86; 87-88, mapa 33) e *Atlas Lingüístico Galego* (1990), mapas 50, 237 (para -n), mapa 7 (para realización da VT na P2 do perfecto).

Co obxecto de chegar a determina-los trazos pertinentes para a delimitación da fronteira entre galego e leonés, considerámo-los trazos indicados no primeiro bloque: aqueles determinantes da estrutura da lingua -e por tanto pertinentes para trazar fronteira-, isto é, os resultados de Ę, õ; -N-; L-, -LL-; -L- e TĒNEO, VĒNIO. Estes datos, obtidos do material bibliográfico, estiveron presentes en todo momento do proceso para contrastar cos datos obtidos *in situ*.

to os comúns como os diferenciais<sup>3</sup>. Este cuestionario foi aplicado no ano 1991 nos puntos escollidos da zona de Bierzo, que foi tomada como mostra por se-la máis problemática: puidemos así obter datos sobre o comportamento e vitalidade destes trazos<sup>4</sup>. Trala análise destes datos, pasamos a unha segunda fase, na cal se rexeitaron os fenómenos que non eran perti-

<sup>3</sup> Pretendemos establecer límites entre falas que presentan fenómenos comúns por teren a mesma orixe: o latín da Gallaecia romana. Se isto xa supón unha dificultade de seu, temos que engadirle outras derivadas das variedades concretas que entran en contacto e do estado de conservación das mesmas. Así, para determina-los trazos pertinentes a fin de establece-la fronteira lingüística, non foi suficiente con considera-las diferencias entre galego e leonés, senón que debemos ter en conta as modalidades concretas destas linguas que entran en contacto na zona, e dentro delas determinar cáles eran os elementos realmente diferenciais -válidos para traza-la fronteira- para centrarmos neles e prescindir de solucións comúns, así como de solucións que parecían diverxentes pero que en realidade se debían a distintos estadios evolutivos. Polo que respecta ó estado de conservación destas variantes en contacto debemos apuntar que, en contraste coa zona galega, onde puidemos atopa-la fala mesmo na xente máis nova, nos puntos onde a variedade era outra os informantes foron a xente de maior idade, que facía esforzos por recordar; isto creará un problema para traza-las isoglosas: hai algúns puntos -onde se falou nun tempo leonés ou unha modalidade do mesmo- nos que hoxe non recordan a antiga fala, que está practicamente perdida.

<sup>4</sup> Trataremos a continuación de achegar unha mostra concreta do comportamento e vitalidade destes trazos, tendo en conta unicamente un campo dentro deles: o dos grupos consonánticos. Na primeira fase foron estudados tódolos grupos consonánticos: observouse que de todos eles só interesaban para o trazado da fronteira o grupo SI e o grupo oclusiva+oclusiva, por presentaren estes dous evolucións realmente diverxentes en galego e leonés, cando menos na zona tratada, e non solucións diferentes debidas a distintos estadios evolutivos.

Polo que respecta ó grupo SI, tras estudia-lo seu comportamento, podemos concluír que a fronteira do galego co leonés parece ter relación coa palatalización / non palatalización da consoante seguinte por parte dun iode que se conserva nos dous casos. Galego e portugués palatalizan nese contexto, fronte ó leonés que renuncia, quedando nunha forma anterior ás evolucións que se deron nos dominios limítrofes. O leonés instálase nunha pronuncia que coincide coa considerada formal en castelán, resistíndose a palatalizar, pero mantendo o ditongo decrecente sen monotongar, como é propio do dialecto (segue a sorte de RI). No galego e portugués si se produce esta palatalización; no castelán a forma *igreja* parece indicala -aínda que tamén pode ser confusión de sibilantes z-ž. A palatalización é posible neste contexto fónico, pero algo a impide en leonés e castelán en contraste co que acontece en galego. Por isto, consideramos válido este trazo (resultados *-eiš-/eis-*) para a delimitación da fronteira. Na práctica, hoxe coinciden no trazado as isoglosas *-eiš-/eis-* e aditongación / ditongación. A coincidencia, máis que casual, palatalización-aditongación, non palatalización-ditongación, parece remitir a dous dominios lingüísticos.

En canto ó grupo oclusiva+oclusiva, tivemos que descartalo no noso estudio e prescindir del para o trazado da fronteira, pois a vitalidade do fenómeno era practicamente nula na zona estudiada. Examinados os resultados na zona do Bierzo, observamos unha elevadísima presenza da forma castelá (*codo*) no lugar da autóctona (en leonés -B'T- >-b'd->)+consoante: *coldo*, *delda* (< CUBITU, DEBITA). A isto uniuse a sospeita de que é unha forma que pode aparecer como préstamo ou infiltración en zonas en que o resultado orixinario debería ser outro: a forma *coldo*, característica do leonés, aparece en Fontoria, pero tamén en zonas de transición que -unha vez estudiadas en profundidade- parecen tender ó galego, como Valle de Finlledo, Dehesas e Villavieja. Non aparece na zona do Bierzo o resultado galego *cóbado*.

mentes para o trazado da fronteira a fin de elaborar un cuestionario máis reducido que tivera en conta só os trazos máis relevantes e as combinacións dos mesmos; este cuestionario reducido foi aplicado durante o ano 1995 ó longo dunha rede de puntos nas zonas restantes: A Fornela e Os Ancares de León, A Cabreira e Sanabria<sup>5</sup>. As conclusións obtidas a raíz do estudio realizado *in situ* nas dúas fases indicadas e a posterior análise dos resultados, permítenos afirmar que os trazos que parecen ter pertinencia na zona para diferenciar galego e leonés son o resultado de Ę, AE, õ latinos, da simple e da xeminada lateral latina, da simple e da xeminada nasal latina, do grupo S+iode, e de TĒNEO, VĒNIO<sup>6</sup>.

<sup>5</sup> Unha vez determinados, tras face-la correspondente análise, os puntos extremos obxecto de estudio, Lillo (N. de León) e Rionor (en Zamora, punto limítrofe con Portugal), tivemos unha referencia para trazar unha vertical nos mapas de elaboración propia a fin de marca-los límites do noso estudio: non se consideran aquí os puntos que están á dereita desa vertical. A escolla dos puntos dentro da zona a estudar foi feita tendo en conta un obxectivo prioritario: buscar na horizontal aqueles en que se deixaba de fala-lo que propiamente consideramos galego, e se comezaba a falar outra modalidade lingüística, por moi próxima que fose ó galego; pero ademais, tentamos tomar aqueles puntos que, dalgunha maneira, permitían caracterizar dunha forma global a situación lingüística de cada concello. Finalmente, foi considerada unha franxa nas provincias de León e Zamora composta polos puntos que citamos a continuación. Na provincia de León, CAN (Le1), LUM, SOR (Le1: Candín, Lumeras, Sorbeira, no concello de Candín; os puntos Le1, Z1, Z2, Z3 pertencen á rede do ALGa); GUI, CHA, TRAS, PER, CAR (Guímara, Chano, Trascastro, Peranzanes, Cariseda: Concello (C.) de Peranzanes); SPP, BAR, LI, FON (San Pedro de Paradelá, Bárcena, Lillo, Fontoria: C. de Fabeiro); VF, EE (Val de Finolledo, El Espino: C. de Vega de Espinareda); SMA, SJM, MA (San Miguel de Arganza, San Juan de la Mata, Magaz de Arriba: C. de Arganza); SAN, C (Sancedo, Cueto: C. de Sancedo); VA (Valle del Agua: C. de Cabañas Raras); H, N (Hervededo, Narayola: C. de Camponaraya); FN, D, TM, R (Fuentes Nuevas, Dehesas, Toral de Merayo, Rimor: C. de Ponferrada); PB, VILL, PM (Priaranza del Bierzo, Villavieja: C. de Priaranza del Bierzo); BORR, VO (Borrenes, Voces: C. de Borrenes); CARU, LC (Carucedo, Lago de Carucedo: C. de Carucedo); PDF, CASTR (Ponte de Domingo Flórez, Castroquillame: C. de Ponte de Domingo Flórez); POM, BE, LOM, LLA, SIG, SIL (Pombriego, Benuza, Lomba, Llamas de Cabrera, Sigüeya, Silván: C. de Benuza); LB, ENC, TRA (La Baña, Encinedo, Trabazos: C. de Encinedo). Na provincia de Zamora, PO(Z1) (Porto: C. de Porto); PI (Pías: C. de Pías); LUB(Z2), PAD (Lubián, Padornelo: C. de Lubián); HER(Z3) (Hermisende: C. de Hermisende); REQ (Requejo: C. de Requejo); SCS (San Ciprián de Sanabria: C. de San Justo); SMC, RIB (San Martín de Castañeda, Ribadelago: C. de Galende); SOT, AVE, SMT (Sotillo, Avedillo, San Martín de Terroso: C. de Cobreros); PED, SCA, CAL, RIO (Pedralba, Sta. Cruz de Abranes, Calabor, Rionor: C. de Pedralba de la Pradería).

Nestes puntos recolléronse datos *in situ*, que foron logo contrastados cos obtidos de fontes bibliográficas; destas últimas -exclusivamente- procede a información sobre algúns puntos da Cabreira Baixa (parte do concello de Benuza: Llamas de Cabrera, Sigüeya, Lomba e Silván, e do concello de Encinedo: La Baña, Trabazos, Encinedo), e sobre Rionor, no concello zamorano de Pedralba de la Pradería.

<sup>6</sup> Se comparamos estes trazos con aqueles que nos parecían válidos trala análise do material bibliográfico, isto é, con aqueles considerados nos estudos que combinaban unha serie de trazos e, dentro deles, aqueles determinantes da estrutura da lingua e por tanto pertinentes para trazar fron-

Determinados os trazos pertinentes, procedemos ó trazado das isoglosas correspondentes. No mapa 1<sup>7</sup> rexistramos estas isoglosas —neste caso isófonas<sup>8</sup>—, que sinalan o contorno xeográfico de cada un destes trazos lingüísticos:

1. Resultados de Ę, AE, ǒ latinos > aditongación / ditongación
2. Resultados de L-, -LL-> -l/-ll-
3. Resultados de -L-> ø/-l-
4. Resultados de -NN-> -n/-ñ-
5. Resultados de -N-> ø/-n-
6. Resultados do grupo SI > -iš/-is-
7. Resultados das formas verbais TĚNEO, -AM, VĚNIO, -AM > Ptes. etimolóxicos / analóxicos

teira (Ě, ǒ; -N-; L-, -LL-; -L- e TĚNEO, VĚNIO) vemos que practicamente coinciden: só engadímolo resultado do grupo SI e consideramos, polo seu rendemento en oposición con -N-, o resultado da xeminada nasal latina -NN-.

<sup>7</sup> Cf. este mapa co trazado por Babarro (1995: 23) para marca-las isoglosas significativas da fronteira entre galego e asturiano. Comparando os dous mapas podemos ter unha visión de toda a zona da fronteira do galego, en Asturias, León e Zamora. Convén matizar que no mapa 1 e no de Babarro non se consideran as mesmas isoglosas; coinciden catro: as correspondentes a Ě, ǒ; L-, -LL-; -N-; presentes etimolóxicos / analóxicos.

<sup>8</sup> Dado que os trazos primarios responden a fenómenos fonéticos, utilizaremos para o trazado dos límites unicamente isófonas. Dentro destas incluíremo-las isoglosas morfolóxicas: examinadas as diferencias morfolóxicas que serven para trazar fronteira concluímos que remiten en realidade ós fenómenos fonéticos indicados.

Unha vez trazados os límites con estes criterios, sería de interese considerar isoglosas léxicas, semánticas, e sintácticas, e compara-lo seu trazado co das fónicas, a fin de ter unha visión máis completa da fronteira lingüística. Establecida a fronteira con estes criterios, non estaría de máis considera-la pertinencia das isoglosas culturais, para ve-la relación entre a fronteira lingüística e a fronteira «extralingüística» delimitada pola cultura material, os límites antropolóxicos, o folclore, a arqueoloxía, a toponimia, os tipos de asentamento, etc. Apunta Veny (1992: 204) que con todo isto, «Como con las palabras y fonemas, también se podrían -se pueden- trazar isoglosas». Tamén de gran interese sería o estudio pormenorizado dos trazos extrasegmentais, para trazar isoglosas de entoación. Os hábitos prosódicos son estables e non se ven condicionados por procesos de substitución lingüística: non hai máis que ver como o «acento» do Bierzo subsiste mesmo nas zonas onde se superpuxo totalmente o castelán, incluso son conscientes os falantes, que aínda que falen castelán, afirman ter «un deje que tira a Galicia». Se puidesemos comparar estas isoglosas de entoación coas isoglosas fónicas e as culturais, se cadra poderíamos chegar a conclusións definitivas sobre os procesos lingüísticos que se dan nestas zonas fronteirizas.

Debemos precisar aquí que no noso estudio tivemos que considerar heteroglosas nas zonas en que non puidemos trazar con precisión as isoglosas, alí onde descoñecemos os resultados orixinais a causa da interferencia do castelán, nunha ampla zona do Bierzo, que vai de San Juan de la Mata a Rimor (Ponferrada marca un punto central nesta zona). Nestes casos, unha liña de puntos marcará o comezo da heteroglosa, correspondente ós límites coñecidos do resultado galego.

Para poder trazar estas sete isoglosas, que denominaremos isoglosas primarias, previamente tivemos que estudia-lo comportamento de cada un dos sete trazos en diferentes contextos<sup>9</sup>: diferenciamos así outro tipo —ou se queremos outra xerarquía— dentro das isoglosas, as isoglosas secundarias, que serán as que determinen o contorno dun trazo en cada un dos contextos en que pode aparecer. A isoglosa primaria correspondente a cada trazo obtense tralo estudio conxunto e comparativo das diferentes isoglosas secundarias. Así, en cada un dos mapas que ilustra un determinado contexto, rexistrámo-la distribución das variantes no mesmo e trazámo-la isoglosa secundaria que procede. Debe considerarse se coincide no seu trazado esta isoglosa secundaria coa primaria correspondente: en caso de haber desviacións, a isoglosa secundaria non sería válida para marca-la fronteira, pois estas desviacións estarían indicando a existencia de infiltracións —leonesismos ou galeguismos— ou vacilacións. Non podemos achegar aquí o estudio pormenorizado desta cuestión, polo que só mencionamos, para ilustra-lo que acabamos de dicir, unha serie de isoglosas secundarias correspondentes a un dos trazos pertinentes: Ę, AE, õ latinos<sup>10</sup>. Algunhas destas isoglosas secundarias coinciden no decorrer coa isoglosa primaria de aditongación / ditongación e son válidas para o trazado da fronteira. Sería o caso dos resultados aditongado / ditongado de Ę, AE ante nasal: *quen / quien; lenzo / lienzo, llienzo; quente / caliente, caliente*; Ę, AE nos monosílabos: *pé / pías; dez / diez; mel / miel; ben / bien*; ĘST: *é, éo, éui / ie, ia, ía, yía, llia, yi*; sufixo -ĘLLUM: *-elo / -ielo, -ieio, -iello; õ* ante iode: *folla / fue-lla, fuolla, fuea; hoxe, hoi / huei, huoi, hui, hoi, güei, güi; noite, noute / nueite, nuõite, nuoite, ñueite; despois, despous / despueis, despuois, des-puis; õ* ante nasal: *ponte / puente; bon / bueno; conto / cuento*. Fronte a isto, hai isoglosas secundarias que non coinciden no trazado coa primaria; este é

<sup>9</sup> Os contextos en que foron estudia-dos cada un dos sete trazos son os que seguen: 1.- Resultados de Ę, AE, õ latinos. Resultados de Ę, AE > Resultado *ð/ie*: ante nasal; monosílabos; posesivo MEUM; conxunción ET; EST, ERAM; EGO; Sufixo -ELLUM; resultado de E tras consoante palatal (GENERUM). Resultados de õ > Resultado *ð/ue,uo*: õ ante iode; ante nasal; *Sono/sueno*; NOSTRUM, VESTRUM./ 2.- Resultados de L-, -LL-. Posición inicial: resultado de L-. Posición medial, resultado de -LL-: resultados do sufixo -ELLUM; pronome persoal de 3ª persoa./ 3.- Resultados de -L-. MOLINUM e derivados; CALENTEM; plurais en -L; outras formas./ 4.- Resultados de -NN- (MN)./ 5.- Resultados de -N-. Formas con A,E,O + nasal: -ANUM, -ANAM, -ENUM, -ANES, -ONES; formas con I + nasal: -INUM, -INAM (a forma FARINAM), outras formas en -INAM. Vocal U: artigo indeterminado. Posesivo MEAM./ 6.- Resultados do grupo -SI-./ 7.- Resultados de TENEQ, -AM, VENIQ, -AM.

<sup>10</sup> Cf. o mapa indicado de Babarro (1995: 23), para ve-la continuidade desta isoglosa en Asturias: neste trazo interesan as isoglosas número 2 (*pedra / piedra; porta / puorta, puerta*), 3 (*Chovendo / choviendo*) e 7 (*eu / iou*) que aparecen no devandito mapa.

o caso dos resultados aditongado / ditongado do pronome ĚGO: *eu / you, ieu* (cf. mapa 2); posesivo MĚUM: *meu, meo / mi' u, mieu, miou, míou, miu, míu, mio*; conxunción ĚT: *i, e / ie, ia* (nestes tres casos -ĚGO, MĚUM, ĚT- o resultado ditongado, leonesismo, entra en zona de aditongación); forma GĚNERU: *šenro, šerno, senro, šienro*, que dá lugar a equívocos, pois en zonas de ditongación o *i* do ditongo pode ser absorbido pola palatal inicial; resultado *sono / ditongado sueno, suōno* (hai unha infiltración do leonesismo *sueno* en Dehesas, onde alterna coa forma propia *sono*); NŏSTRUM: *noso / nueso, nuōso, nuoso, ñueso* (o resultado aditongado, *noso*: galeguismo, entra en Fontoria). Estas isoglosas non serán válidas para traza-la fronteira de aditongación / ditongación por presentaren, como dixemos, desviacións no trazado que marcan a presenza, nos puntos en que a liña se desvía, de infiltracións (galeguismos: NŏSTRUM; leonesismos: MĚUM, ĚT, ĚGO) ou vacilacións.

## DISTRIBUCIÓN DAS ISOGLOSAS. FEIXES DE ISOGLOSAS / ISOGLOSAS SOLTAS: A ÁREA DE TRANSICIÓN

Antes de entrar a considerar este punto, debemos precisar algúns aspectos relacionados coa escolla das isoglosas no territorio fronteirizo que nos ocupa. Se o que pretendemos é determinar unha fronteira lingüística, esta non podería ser trazada utilizando un criterio monoisoglósico, que resultaría insuficiente para describi-la complexa realidade da fronteira. Se por algunha razón se utilizase este criterio, sería unicamente coa finalidade de simplifica-la clasificación dialectal, como aproximación, e de ter que escoller entre unha das isoglosas, observado o comportamento de todas elas, parece que a máis representativa, a de máis rendemento para diferenciar galego / leonés en León e Zamora sería a isoglosa que marca os resultados de Ě, ŏ, isoglosa que ademais coincide en todo o seu trazado coa do resultado do grupo SI, sendo estas dúas as únicas que corren parellas en toda a fronteira. Pero pretendemos trazar unha fronteira lingüística, e a base dunha fronteira son as isoglosas, varias isoglosas; hai que precisar que as escollidas deben se-las realmente pertinentes: utilizar menos traería como consecuencia unha descrición parcial da fronteira<sup>11</sup>, e utilizar máis —isoglosas

<sup>11</sup> García del Castillo *et alii* (1957: 116-119) seguen un criterio monoisoglósico para trata-lo límite entre leonés e galego na Cabreira Baixa («Consideramos aquí, para el trazado del límite, tanto la diptongación no condicionada como la diptongación ante yod», García del Castillo 1957: 116-119), criterio que conduce a conclusións parciais e inexactas. A partir do mapa -García



non pertinentes ou de distinto nivel xerárquico— podería levar a conclusións erróneas. Por esta razón imos ter en conta unicamente as sete isoglosas que marcan os sete trazos pertinentes para delimita-los dous dominios lingüísticos. Debemos, ademais, deixar ben claro que é necesario considera-lo decorrer destas sete isoglosas ó longo dunha densa rede de localidades no territorio fronteirizo en conxunto, no que constitúe a totalidade da macrofronteira galego— leonés: de non facelo así, poderíamos ter unha visión parcial da cuestión, que tamén nos levaría a conclusións equivocadas.

Observamos, entón, a disposición das sete isoglosas na macrofronteira (cf. mapa 1). Segundo a súa distribución diferenciamos uns tramos nos cales estas isoglosas aparecen en feixes (de Benuza a Rionor, punto no cal as isoglosas se separan de novo), e outros tramos nos cales as isoglosas discorren soltas (do norte de León a Benuza, e na zona sur Rionor, punto límite con Portugal). O primeiro caso non presentará problemas para o trazado da fronteira: o paso do galego ó leonés realízase dun modo abrupto. Moi distinto é o segundo caso; aquí, en sentido estricto, non podemos trazar unha fronteira, pois o feito de que discorran soltas as isoglosas está indicando o paso gradual do galego ó leonés, un *continuum* entre os dous dominios, unha **área de transición** entre eles<sup>12</sup>. Chegados a este punto, im-

---

del Castillo *et alii* (1957: 117)-, en que marcan os puntos con ditongación e sen ditongación, podería trazarse a isoglosa de *Ē, ĕ*; despois de comparar este trazado cos datos que temos, concluímos que esa isoglosa -obtida a partir do estudio indicado- sería válida para describir unha parte da fronteira na Cabreira, pero non o sería para dar conta da zona que vai de Castroquilame a Pombriego, polo que non podería considerarse -cando menos de modo único- «para el trazado del límite» (cf. García del Castillo, cita).

Fronte a este criterio, témo-lo recurso a diversidade de isoglosas para trazar fronteira, utilizado por diferentes lingüistas. Fernández Rei (1990a) recolle estas contribucións en mapas de elaboración propia (mapas 2 e 7), e delimita a fronteira do galego oriental co asturiano e o leonés occidental tendo en conta sete isoglosas: *ø/-l-*; vocal temática do tema de perfecto *l-, -l / ll-, -ll-*; *è, ò / ie-ia, uo-ue*; *ø/-n-*; ditongos decrecentes *ei, ou* / monotongos *e, o*; mantemento de *f-* / aspiración [h] ou desaparición. O mesmo autor dá conta da fronteira do galego meridional co portugués setentrional (mapa 7) a partir de sete isoglosas. Recolle ademais (1990a: 20, 25) mapas doutros lingüistas que utilizaron un criterio pluriisoglosico, como o de Zamora Vicente (1989: 85) sobre o leonés (nel vémo-lo límite oriental da *f-* inicial conservada, o límite dos ditongos decrecentes *ei, ou*; o límite do *l-* inicial palatalizado; límite da aspiración de *f-* e o límite occidental da ditongación de O, E) e o mapa de Cintra (1964) -seis isoglosas- referente a algúns trazos fonéticos diferenciados dos dialectos galego-portugueses.

<sup>12</sup> Veny (1992: 213-214): «Nadie duda que existen límites de rasgos (allí donde los dialectos mantienen su vigor), pero es cierto también -y me baso en mi experiencia del catalán- que es posible hablar de fronteras aproximativas de conjuntos de rasgos que, basados en su «simultanea presencia» y su «particular combinacione», como quería Ascoli, permiten hablar de dialectos o variedades. Tratándose de hechos humanos, sociales, de extrema complejidad, no existen entre ellos fronteras matemáticas -como tampoco existen entre registros o entre niveles de lengua- sino franjas variables de transición que también pueden constituir dialectos».

ponse, é necesario, o estudo desta área de transición, a fin de defini-la situación en que se encontran determinados tramos da zona de contacto entre galego e leonés e dar conta do que acontece con estas dúas modalidades cando entran en contacto nestes tramos. Procedemos, pois, ó estudio da devandita área.

Retomando o anterior, podemos afirmar que entre o galego e o leonés, alí onde as isoglosas correspondentes ós sete fenómenos considerados pertinentes para traza-la fronteira corren soltas (cf. mapa 1), confórmase unha zona lingüística fronteiriza que debe ser considerada de transición entre os dous dominios, por aparecer nela, nos puntos estudiados, distintas modalidades que fluctúan entre o galego e o leonés en maior ou menos grao, segundo dominen os trazos galegos, leoneses ou as solucións de compromiso. Chamaremos a esta área lingüística fronteiriza área ou franxa de transición, e ás falas que nela aparecen falas de transición. Non pretendemos neste estudio explicar con exhaustividade as falas de transición; unicamente, e coa finalidade de determinar en qué medida sería posible trazar unha fronteira nelas ou entre elas, queremos definilas en relación coas entidades dialectais en contacto: partiremos dos sete trazos que consideramos pertinentes para diferenciar galego e leonés para, en primeiro lugar, achegar unha **clasificación** destas falas de transición e, en segundo lugar, observa-las **fluctuacións** entre os dominios veciños. Indicamos desde xa que se ben estes sete trazos son determinantes para definir, non pretenden ser suficientes para describi-la complexidade dialectal destas áreas, nas que ademais do contacto ó longo dos séculos entre galego e leonés, que vai conformando o carácter destas variedades, hai que considera-la superposición do castelán<sup>13</sup>. Pretendemos unicamente facer unha aproximación xerárquica baseada nos trazos pertinentes diferenciadores dos sistemas que estiveron en contacto

<sup>13</sup> Unha zona de transición é lugar de loita entre dúas ou máis entidades dialectais (cf. Recasens: 1985). Unha delas é considerada máis prestixiosa, innovadora e progresiva, a outra ou outras son cualificadas de conservadoras e regresivas. A área de transición pode pertencer globalmente a calquera das entidades dialectais en loita, ou só ser variedade do bloque dialectal prestixioso. Esta loita de tendencias, por presión do leonés sobre o galego e viceversa, puido existir na zona por nós estudiada ó longo da historia e dar orixe ás falas de transición que hoxe rexistramos, pero actualmente non se exerce tal presión, senón que é unha terceira lingua, o castelán, a que se superpón a estas falas de transición anulando as súas características diferenciais, como antes anulou o leonés. Chama a atención a resistencia do galego na zona de León e Zamora, se a contrastamos coa anulación progresiva polo castelán das falas de transición e do leonés, que hai que reconstruír e buscar coma se de fósiles se tratase. Por isto, para estudia-las falas da área de transición, non sería suficiente un estudio puramente sincrónico, pois os datos a día de hoxe non son fiables; sería preferible ter en conta o aspecto diacrónico, observando a formación das falas de transición, e os factores extralingüísticos (históricos e xeográficos) que influíron na formación da fronteira.

durante anos. Sobre esta aproximación inicial, tendo presente esta primeira clasificación, un estudio posterior podería afronta-lo feito de facer unha análise máis profunda que considerase máis trazos e un maior número de isoglosas, unha análise que achegase máis datos sobre as variedades lingüísticas existentes na área de transición, que permitise caracterizalas en profundidade e delimitar dentro delas zonas e subzonas<sup>14</sup>.

Propoñemos a continuación unha **clasificación das falas de transición**, clasificación á que chegamos tras estudia-lo comportamento e combinación dos sete fenómenos considerados pertinentes para o trazo da fronteira<sup>15</sup> (cf. mapas 1, 3). Na zona estudiada aparecen, nos extremos, galego e leonés<sup>16</sup> e entre eles, unha área de transición dun

<sup>14</sup> Unha vez establecida esta primeira clasificación das falas de transición, se tivesemos que caracterizalas deberíamos considerar distintos tipos de isoglosas (isófonas, isoglosas morfolóxicas, léxicas, culturais, semánticas, sintácticas) e utilizar criterios non unicamente lingüísticos, senón tamén sociolingüísticos. Cos datos obtidos, deberíamos abordar unha análise non só cuantitativa, senón tamén cualitativa, a fin de dar cabida e explicación a toda a problemática lingüística que aparece nestas falas de transición. Pero ademais, para caracterizar unha área de transición deberíamos considerar feitos de carácter extralingüístico, pois estes poden incidir directamente no lingüístico. As áreas de transición orixínanse porque o paso dun dialecto a outro non se dá de maneira abrupta, senón gradual, dando lugar a modalidades que fluctúan entre ambos; a explicación a este feito pode vir dada pola «loita de tendencias» entre os dous dialectos, que dalgún xeito conviviron ou conviven nunha determinada zona: entre eles houbo interferencias -no sentido amplo do termo-, ó non existir unha fronteira clara que os separase e impedise a comunicación. Se os factores extralingüísticos -históricos e xeográficos- inflúen no nacemento das fronteiras dialectais (cf. Veny: 1992), estes factores tanto poden explicar o paso brusco dun dialecto a outro, como poden explica-la transición gradual: se nun caso impiden a comunicación entre galego e leonés, dando orixe a unha fronteira abrupta entre eles, noutro é posible que a permitan, ou mesmo favorezan o contacto, dando orixe a unha área fronteiriza na que aparecen fluctuacións entre os dous dominios e falas de transición, polo que deben ser considerados para a explicación das mesmas.

Para unha aproximación ó estudio teórico e metodolóxico das falas de transición, cf. Recasens (1985) e Veny (1992).

<sup>15</sup> Trataremos conjuntamente os resultados de L-, -LL- e -L- (laterais) e de -NN-, -N- latinos (nasais) -isoglosas 2, 3 e 4, 5, cf. punto anterior- para comprobar en qué medida estas oposicións latinas, que se manteñen de distinta forma tanto en galego como en leonés, se conservan ou perden nesta zona de transición, orixinando o que damos en chamar solucións de compromiso.

<sup>16</sup> De acordo cos sete trazos, consideramos que estamos ante o galego cando aparece a seguinte combinación: conservación das oposicións latinas entre as simples e xeminadas laterais e nasais cos resultados, respectivamente, *øll* e *øln* (*(a)marelo*, *quente*, *ano*, *irmá*); aditongación (*folla*); resultado *eis* de vocal+SI (*queixo*, *carqueixa*); presentes etimolóxicos *veño*, *poño*, *teño*. Pola contra, estaríamos ante o leonés cando aparecen as seguintes solucións para estes trazos: conservación das oposicións latinas entre as simples e xeminadas laterais e nasais (*(a)mariello*, *caliente*, *año* (*ñueite*), *irmana*) (nas laterais, na zona estudiada contrariamente a outras do leonés, o resultado das laterais é *lll*); ditongación (*fuella*); resultado *eis* de vocal+SI, sen palatalizar (*queiso*, *carqueisa*); presentes analóxicos de TENEO, VENIO, PONEO.

Non corresponde aquí presentar un estudio do galego e leonés falado na zona. Nos puntos tratados, falan galego os de Ancares (LUM, SOR), MA no Bierzo, PDF na Cabreira e PI, PAD e

a outro dominio, na que podemos diferencia-las seguintes modalidades<sup>17</sup>:

a) Galego de transición. As falas que englobamos dentro desta denominación caracterízanse por presentar maioritariamente resultados galegos, como a aditongación nas formas procedentes de Ě, AE, Ŏ latinos, a conservación da oposición latina de -N-/-NN-, co resultado  $\emptyset/n$  (*irmál/pena*: perda do -N- nas formas con -N- intervocálico, e resultado -n- de -NN-), o resultado palatalizado *iš* (*queišo, cereiša, carqueiša*) do grupo consonántico latino SI e a forma palatalizada (*teño, veño, poño*) nos presentes de TĚNEO, VĚNIO. Xunto a estes trazos galegos, aparece unha solución de compromiso: a perda da oposición latina -L-/-LL- (simple/xeminada) a favor dun único fonema /l/ (*calente, amarelo*); o resultado -l- procedente de L-,

---

CAL en Sanabria. O galego exterior foi estudiado por Fernández Rei; segundo a súa clasificación (1990a: 139-151), as falas galegas de León e Zamora pertencen ó bloque oriental, en concreto ás áreas ancaresa, oriental-central (e dentro desta á subárea A Fonsagrada-O Courel-O Bierzo, concretamente a microsubárea do Bierzo) e zamorana. Por outra parte na zona estudada deben ser considerados de fala leonesa todos aqueles puntos que están ó sur e leste de Benuza (BE, SIG, SIL, TRA, etc.), na Cabreira; en Sanabria, os situados despois do Padornelo (agás Calabor e Rionor, fronteirizos con Portugal): SMT, AVE, RIB, SOT, PED, etc. Para un estudio do leonés en xeral, cf. Menéndez Pidal (1962, 1ª ed. 1906), García de Diego (1978, 1ª ed. 1946), Zamora Vicente (1989, 1ª ed. 1960), Born (1992) e García Arias (1992).

<sup>17</sup> Os lingüistas e dialectólogos que se achegaron ó tema consideraron unha zona de fala galega, outra de fala leonesa e algúns unha intermedia, de transición. Para clasificar as falas os criterios utilizados non sempre foron os mesmos, de aí que tampouco coincidan sempre as conclusións sobre as clasificacións. Non corresponde achegar aquí un estudio comparativo entre estas clasificacións e a que propoñemos, pois excedería os límites do noso escrito. Unicamente facemos referencia ós estudos que dalgún xeito se ocuparon do tema:

a) Zonas de fala galega. Menéndez Pidal (1962, 1ª ed. 1906), García Rey (1934), Lapesa (1985, 1ª ed. 1942), García de Diego (1978, 1ª ed. 1946), Cortés y Vázquez (1954), Dámaso Alonso / García Yebra (1959), Zamora Vicente (1989, 1ª ed. 1960), Krüger (1925, 1965), Teruelo Núñez (1975), García García (1984) e Fernández Rei (1990b) achegan datos sobre zonas onde se fala galego nos seus estudos.

b) Zonas de fala leonesa. Menéndez Pidal (1962, 1ª ed. 1906), García de Diego (1978, 1ª ed. 1946), García del Castillo *et alii* (1957), Dámaso Alonso / García Yebra (1959), Zamora Vicente (1989, 1ª ed. 1960), Krüger (1965), Teruelo Núñez (1975) e García García (1984) achegan datos sobre puntos de fala leonesa.

c) Zonas con falas de «transición». Varios estudos consideraron a existencia nesta zona de falas que non responden estritamente ó galego ou ó leonés. Estas variantes foron cualificadas como híbrido, falas de transición, intermedias, coexistencia de solucións, mesturas, infiltracións -entre galego e leonés-, leonés con galeguismos, galego con leonesismos, galego-leonés, etc. Os autores que ó trata-la fronteira lingüística fan referencia a estas falas son: Lapesa (1985, 1ª ed. 1942), Cortés y Vázquez (1954), Dámaso Alonso / García Yebra (1959), Zamora Vicente (1989, 1ª ed. 1960), Krüger (1925, 1965), Teruelo Núñez (1975), Gutiérrez Tuñón (1981, 1987), García García (1984) e Fernández Rei (1990b).

-LL- latinos é un resultado propio do galego, mentres que o resultado *-l-* procedente de *-L-* debe asociarse ó leonés. O galego de transición rexístrase no Bierzo (SMA, N, VF, D, VILL, BORR e CARU), e continúa cara ó sur en CASTR.

b) Transición. As falas deste tipo presentan o resultado do galego nas nasais, de compromiso nas laterais e do leonés nos resultados de *Ē*, *AE*, *õ* e grupo *SI*. Así, de resultado galeguizante pode tildarse a conservación da oposición latina de *-N-/-NN-*, cun resultado *ø/n* (*irmá ou irmanha, ano*). Xunto a este, aparece unha solución de compromiso nas laterais, por perda da oposición latina *-L-/-LL-* en favor dun único fonema */l/* (*(a)marielo, caliente*). Por último, estas falas presentan resultados leoneses, como as formas ditongadas e o resultado non palatalizado *is* (*queiso, cereisa, carqueisa*) do grupo *SI*. Podemos encontrar falas deste tipo nun punto da Fornela (GUI), no Bierzo (FON, EE) e en Sanabria (RIO).

c) Transición de Pombriego. A fala de Pombriego presenta solucións de compromiso nas laterais e nasais ó lado de resultados leoneses para os restantes trazos. As solucións de compromiso tradúcense na perda da oposición latina *-L-/-LL-* (simple/xeminada) a favor dun único fonema */l/* (*(a)marielo, caliente*), e na perda da oposición latina *-N-/-NN-* a favor dun único */n/* (*ano, irmana*). Xunto a estas solucións de compromiso, temos resultados que poden cualificarse de leoneses: formas ditongadas, resultado *is* do grupo *SI* e presentes analóxicos.

d) Leonés de transición (I). Nas falas englobadas neste bloque aparecen resultados leoneses en tódolos trazos agás nas nasais, que teñen o resultado do galego. Así, é propia do leonés a conservación da oposición latina nas laterais, de simple e xeminada *-L-/-LL-*, cun resultado *///* na zona (*caliente, (a)mariello*): resultado *-l-* (conservación de *-L-*), nas formas con *-L-* intervocálico, e resultado *-ll-* (palatalización), de *L-* e *-LL-* (en toda a zona estudada, contrariamente a outras do leonés, só aparece este resultado, *-ll-*, para *L-*, *-LL-*). Tamén son propias do leonés as formas ditongadas, o resultado *is* do grupo *SI* e os presentes analóxicos *vengo, tengo, pongo*. Xunto a estes trazos leoneses, aparece un único resultado galego, pero de gran rendimento: a conservación da oposición latina da simple e xeminada *-N-/-NN-*, cun resultado *ø/n* (*irmá ou irmanha, ano*) por perda do *-N-* nas formas con *-N-* intervocálico e resultado *-n-* de *-NN-*. Leonés de transición (I) rexístrámolo na maioría dos puntos da Fornela (CHA, TRAS, PER), e nun punto do Bierzo (SAN).

e) Leonés de transición (II). Só o rexistramos nunha zona compacta do Bierzo (LI, SPP, BAR). Tódolos trazos teñen resultados leoneses, agás no

caso das nasais, que presentan unha solución de compromiso. Esta última vén da perda da oposición latina simple/xeminada -N/-NN- a favor dun único fonema /n/: *irmana, ano*. Xunto a isto, os restantes trazos son xa definitivamente leoneses: mantense a oposición latina nas laterais, de simple e xeminada -L/-LL-, cun resultado /ll/ (*caliente, (a)mariello*), aparecen formas ditongadas, o resultado *is* do grupo SI e os presentes analóxicos<sup>18</sup>.

Nos cadros que seguen presentámo-las combinacións posibles dos sete trazos na zona estudada, achegámo-la clasificación das falas atendendo á combinación de resultados, e indicamos para cada unha delas un punto que corresponde a esas características lingüísticas.

Cuadro 1

Galego	Gal. de tr.	Transición		Leonés de tr		Leonés		
				LTI	LTII			
LUM			GUI	CHA		Anc. Forn.		
MA	SMA	FON		SAN	LI	Bierzo		
PDF	CASTR					BE		
PI			RIO			SCS		
l		l			ll	-LL-		
∅		l			l	-L-		
	n				n	ñ	-NN-	
	∅				n	n	-N-	
	aditongación						ditongación	Ě,AE,õ
	queiño						queiso	SI
	veño						vengo	PTES

<sup>18</sup> As distintas modalidades veñen determinadas por unha serie de isoglosas que discorren soltas nesta área de transición, isoglosas que aparecen indicadas nos mapas 1 e 3. Debemos puntualizar que temos certas reservas respecto a unha delas, a que delimita os resultados de TÉNEO, VĚNIO: en Peranzanes -punto que entra dentro do leonés de transición I- era unha forma estraña, non recoñecida por falantes de puntos veciños. Ademais os resultados *tengo, vengo, pongo*, poden ser castelanismos: non aparecen as formas «leonesas» ditongadas (*tiengo*). Optamos por non ter en conta, en principio, esta isoglosa para a clasificación no que respecta ó seu decorrer pola zona da Fornela (cf. mapa 3).

Cuadro 2

TRp	
POMBRIEGO	
l	-LL-
l	-L-
n	-NN-
n	-N-
ditongac.	É, AE, õ
-eis-	SI
vengo	PTES

No mapa 3, realizado a partir das isoglosas indicadas no mapa 1, marcámo-las distintas modalidades que se rexistran nesta franxa de transición. Como vemos no mapa, estamos ante unha zona de gran variedade e forte personalidade lingüística: proba disto é que a situación non é uniforme nin nun mesmo concello, como podemos comprobar nos mapas 4, 5, 6 e 7; sen considera-lo castelán que se superpuxo ás falas autóctonas, nalgúns concellos podemos rexistrar dúas variedades ou máis (Fabero, mapa 4: transición e leonés de transición II; Vega de Espinareda, mapa 5: galego, galego de transición e transición; Benuza, mapa 6: transición e leonés; Pedralba de la Pradería, mapa 7: galego, transición e leonés). Esta situación que acabamos de indicar non é máis que unha mostra, de tantas, da complexidade dialectal desta franxa de transición<sup>19</sup>.

<sup>19</sup> En Peranzanes, concello limítrofe con Asturias, investigáronse os seguintes puntos: Guímara, Chano, Trascastro e Peranzanes. Rexistramos aquí o que denominamos leonés de transición (I) en CHA, TRAS, PER: (a)mariello, caliente, ano, irmá ou irmanha, queiso e vengo. No punto que está máis ó norte, xa lindando con Asturias (Guímara) aparece unha modalidade de transición (TR): recolleemos caliente, ano, irmá ou irmanha, queiso, (a)marielo. Para compara-los datos que temos de Peranzanes cos datos existentes sobre as falas veciñas en Asturias, debemos consulta-lo estudio de Babarro (1994), que describe a situación lingüística do concello de Ibias e a de parte do concello de Degaña, concellos asturianos limítrofes cos concellos leoneses de Peranzanes e Candín (cf. especialmente mapa 17 e pp. 135 a 137 do estudio citado). Diferencia Babarro dúas variantes nesta zona limítrofe coa estudiada por nós: I1 (galego) e I2 (tixileiro) que coinciden respectivamente, se temos en conta só as sete isoglosas primarias, co que nós cualificamos de galego de transición (con resultado de compromiso nas laterais, como en GUI) e leonés de transición I, coa particularidade de posuír I2 o fonema de realización cacuminal prepalatal oclusivo sonoro, fronte ó de realización lateral palatal (llobo) que aparece nos puntos de LTI de Peranzanes.

Unha vez clasificadas estas falas de transición en relación coas entidades dialectais en contacto, non podemos deixar de comentar un fenómeno —propio dos dialectos de transición— que aparece nestas falas e dalgún modo as caracteriza: a **fluctuación** entre os dominios veciños —galego e leonés neste caso—, que non impide ás falas de transición ter comportamentos orixinais. Estas fluctuacións non presentan a mesma relevancia estrutural nin atenden ás mesmas explicacións, polo que, cando menos, hai que diferenciar tres grupos: alternancias, infiltracións e solucións de compromiso. Tomando unha vez máis como referencia os sete trazos pertinentes, só podemos mostrar aquí algúns exemplos destas fluctuacións, ou se queremos interferencias, utilizando o termo en sentido amplo<sup>20</sup>, que dalgún xeito son restos dun contacto, dunha loita de tendencias entre galego e leonés durante séculos, un encontro que se foi dando ó longo da historia e determinou, en maior ou menor medida, a formación e o carácter destas falas de transición.

Pode darse o caso de que nun mesmo punto aparezan solucións galegas e leonesas para un mesmo fenómeno. Posiblemente se trate do resto dun estado anterior no que conviviron en maior ou menor medida o galego e o leonés, producíndose entre eles interferencias que hoxe derivan nesta alternancia de solucións. Un exemplo disto témolo en Lumeras (Ancares), onde detectámo-la perda de -L- (*fío, muín, šabarís*), alternando coa conservación (*calente*). Estes datos recollidos *in situ* parecen confirmados polo estudio realizado por Dámaso Alonso e García Yebra (1959: 329-330) nesta zona<sup>21</sup>.

---

Outro fenómeno que proba a continuidade lingüística que se dá coa veciña Asturias -ademais do resultado de compromiso nas laterais de GUI, coincidente co que se dá nalgúns puntos da zona limítrofe- é a realización *uö, uo* do ditongo procedente de *Ĕ*, que sinala Babarro no tixileiro (I2), e nós recolleemos só en puntos de Peranzanes (GUI, TRAS, PER, CAR), para non atopalo máis en toda a zona estudiada, ata Rionor.

Noutra orde de cousas, debemos apuntar que nos puntos restantes do concello de Peranzanes (Cariseda, Faro) todo parece apuntar á conservación de -N-; este dato situaría estes puntos no leonés de transición II. De Cariseda temos datos recollidos *in situ* que indican a conservación de -N- en tódalas formas, agás en *chenha, farinha*; se estas formas son infiltracións, Cariseda formaría un bloque de conservación de -N- con BAR, LI, SPP (LTII), puntos do concello limítrofe de Fabeiro. Polo que respecta a Faro, punto máis ó leste da Fornela, datos de Andrés Castellanos *et alii* (1957) apuntan conservación: *llino, llana, chano, cheno*.

<sup>20</sup> Weinreich (1957: 1): «By phenomena of INTERFERENCE I mean those instances of deviation from the norms of a language which occur in the speech of a bilingual as the result of his familiarity with another language, i.e. as a result of language contact».

<sup>21</sup> Dámaso Alonso e García Yebra (1959: 329-330) indican que o -L- se conserva na Fornela fronte ó ancarés, onde son «muchos más los casos de pérdida que los de conservación». Achegan exemplos de perda (*quenda*<CALENDA, *fiar, sair, pao*...) e de conservación (*delor, palomba, mola, abolo, abola, castañola, garañola*). Para os últimos parece haber unha norma segundo es-



Polo que respecta ó segundo caso de fluctuación, consideramos que hai infiltracións (galeguismos ou leonesismos) cando o resultado autóctono é substituído por outro do sistema veciño; o fenómeno pode ser esporádico —darse só nun punto— ou afectar a zonas máis amplas. Nos mapas tradúcese nunha desviación das isoglosas secundarias con respecto á primaria. Como exemplos de infiltracións traemos aquí os resultados ditongados de MĚUM, ĚT e ĚGO, que entran como leonesismos en zonas de aditongación (cf. mapa 2, que dá conta da distribución dos resultados de ĚGO); outro caso salientable é o do resultado *fariña* < FARINA rexistrado en puntos de Sanabria, que debe ser considerado galeguismo na zona leonesa, e o do resultado *farina*, que debe ser considerado leonesismo naqueles puntos en que, como en galego, desaparece o -N- de forma sistemática<sup>22</sup>.

Estes dous fenómenos de fluctuación, alternancia e infiltración, son normais nunha zona en que tamén aparecen solucións de compromiso, nin propiamente galegas nin leonesas, que marcan un claro carácter de transición nestas falas. Son, se cadra, as máis determinantes e caracterizadoras da orixinalidade destas zonas de transición, e escapan a explicacións estruturalistas. Dentro destas solucións de compromiso temos, por unha parte, a solución *-ielo* de *-ĚLLUM*, que afecta a dous fenómenos (Ě latino, -LL- latino: resultado ditongado, leonés, con simplificación de -LL-, galego) e aparece en Guámara, Pombriego e Rionor, puntos non precisamente próximos entre si. Por outra parte, témo-las solucións de compromiso nos sistemas de laterais e nasais, que se traducen na perda de oposición -LL-/-L- e -NN-/-N- latinos que quedan reducidos a /l/ e /n/. Nas laterais, estas solucións danse na Fornela, no Bierzo (GUI<sup>23</sup>, FON, EE, VF, SMA, N, D, VILL, BORR,

---

tes lingüistas: consérvase *-l-* no diminutivo feminino e en xeral na combinación *-ola*, pero pérdese no diminutivo masculino; explican *abolo* como un caso analóxico de *abola*. O *Atlas Lingüístico Galego* (vol. 2) apunta para Le1 (Candín, nos Ancares) formas con conservación de *-L-*: *avoliko*, *avolo* (mapa 26) e *mola* (mapa 27), que poderían ser explicadas seguindo a norma exposta; pero esta non dá conta doutras formas, como *calente*, recollida *in situ* por nós. Segundo estes datos, nos Ancares parece existir unha alternancia nos resultados de *-L-* (perda, conservación) con predominio da perda de *-L-*.

<sup>22</sup> Estamos ante un posible préstamo, que parece ter un comportamento, unha pertinencia especial: estudiaos os puntos do Bierzo, observabamos que nesta zona coincidía o trazado da isoglosa correspondente a *fariña* / *farina* co da isoglosa de aditongación / ditongación. Este feito parece revelar unha tendencia que habería que explicar atendendo a condicionantes extralingüísticos.

<sup>23</sup> Guámara oponse ó sistema de puntos veciños como Chano, Trascastro e Peranzanes, que manteñen *llll*. A súa situación lingüística, aparentemente especial, pode ser explicada por un factor extralingüístico relacionado coa xeografía humana: as relacións de GUI coa veciña Asturias, das cales dá conta Madoz (1845). GUI é o punto máis setentrional da Fornela, e representa neste trazo a continuidade lingüística coas falas limítrofes na provincia de Asturias. Para esta cuestión, cf. Babarro (1994: 101, 103), a situación lingüística de Ibias (Asturias), onde *L-*, *-LL-* > *-l-*.

CARU), en CASTR e nun punto de Sanabria (RIO), mentres que nas nasais aparecen nunha zona compacta do Bierzo alto (SPP, LI, BAR); mención á parte merece Pombriego, punto no que se presentan solucións de compromiso tanto nas laterais como nas nasais. O estudio conxunto dos resultados de laterais (L-, -LL-; -L-) e nasais (N-, -NN-; -N-) nos puntos tratados de León e Zamora, permítenos diferencia-los cinco sistemas que representamos no cadro que segue:

	S1	S2	S3	S4	S5
ANCARES FORNELA	LUM SOR	GUI	CHA TRAS PER		
BIERZO	MA	FON EE VF SMA N D V	SAN	SPP BAR LI	
CABREIRA BAIXA	PDF				LLA LOM LB ENC...
SANABRIA	PI PAD CAL	RIO			SCS SMC SCA...
L-, -LL-	l	l		ll	
-L-	∅	l		l	
N-, -NN-		n		n	ñ
-N-		∅		n	n

Como vemos, no que se refire a laterais e nasais, S1 representa o sistema galego e S5 o sistema leonés. Entre eles temos sistemas de transición (S2, S3, S4), que combinan resultados propios das falas galegas, das falas leonesas, e solucións de compromiso baseadas na perda de oposición —nas laterais ou nas nasais— en favor dun único fonema. Así, S2, solución de compromiso nas laterais, galega nas nasais; S3, solución leonesa nas laterais, galega nas nasais; S4, solución leonesa nas laterais, de compromiso nas nasais<sup>24</sup>; por último SP (sistema de Pombriego), con solucións de compromiso en laterais e nasais. Á vista destes catro sistemas, non podemos deixar de citar a Catalán (1954, p. 125):

<sup>24</sup> Catalán (1954), no seu estudo «Resultados ápico-palatales y dorso-palatales de -LL-, -NN-, y de L-, N-» recolle datos de distintas fontes bibliográficas. Para a Formela menciona *pena, pequeño, niño...*, con -n- procedente de -NN-; a Formela forma, segundo Catalán, un rincón de -ll- illado do resto, entre a zona de -ts- e o galego:

«El estructuralismo puede gloriarse de haber aplicado con éxito un principio metódico de gran valor: el sistema está de continuo presente en la génesis de los cambios fonéticos. Pero debe también tener en cuenta que la lingüística no puede ni debe prescindir de otros factores históricos (aparte del substrato) que influyen tanto o más poderosamente que la estructura fonológica en la suerte de las lenguas».

Desde logo, non podemos deixar á parte os factores históricos se queremos explicar estas fluctuacións, pois é moi posible que as alternancias e solucións de compromiso se deban a unha loita entre dialectos en contacto que estivo presente durante séculos; en canto ós préstamos, tamén deben ser relacionados con factores extralingüísticos. Uns e outros son síntomas da fluctuación e contacto entre galego e leonés e deben ser explicados atendendo a factores que van máis alá do estrictamente lingüístico e das explicacións que pode achega-lo estruturalismo. Deixamos aquí pendente este estudio, que examinaría a incidencia dos factores extralingüísticos no lingüístico, e podería achegar unha explicación das causas que producen estes fenómenos de fluctuación derivados do contacto entre galego e leonés.

## TRAZADO DA FRONTEIRA LINGÜÍSTICA ENTRE GALEGO E LEONÉS. CONCLUSIÓN.

Unha vez considerada a distribución das isoglosas correspondentes ós fenómenos pertinentes, examinada a área de transición determinada polas isoglosas que discorren soltas, e tendo en conta tamén a zona na cal se agrupan en feixes, estamos en condicións de intentar delimita-la fronteira entre galego e leonés nas provincias de León e Zamora<sup>25</sup>. Retomando o ante-

«Según Martínez Burgos (M.B.1910) en el ayuntamiento de Peranzanes, en Vega de Espinareda Berlanga y Sancedo se dice nino, pequeno, pena, penéo «peña grande», etc. En cuanto a -LL- hayamos -l- en Vega de Espinareda, pero -ll- en el resto, así como ll- < L-; según las respuestas a un interrogatorio, escrito (Sem. I, 1954, i.e.) *comprende esta zona de ll y n desde Faro, San Pedro de Paradela y Bárcena de la Abadía hacia Occidente*» (p. 115; a cursiva é nosa).

Indica Catalán que, fronte a esta rexión NO, os puntos leoneses de máis ó SE, dentro aínda do leonés occidental, que teñen -ll- usan sempre -ñ-: Noceda no Bierzo e outros, e tamén a Cabreira Baixa.

<sup>25</sup> Desde que en 1906 Menéndez Pidal se achegou ó tema da fronteira lingüística, foron varios os estudos que recolleron, contrastaron e ampliaron os seus datos. Neste primeiro traballo, Menéndez Pidal considerou unha divisoria entre as cuncas dos ríos Cúa e Sil. Desde entón, algúns estudos parciais precisaron o trazado do límite, pero en xeral ata hoxe se seguiu a tendencia marcada por M. Pidal, sen ter demasiado en conta o trazado dunha liña medianamente exacta e máis precisa cá do Cúa-Sil. Por outra parte, para a delimitación da fronteira do galego nas pro-


riormente exposto en relación á distribución das isoglosas, diferenciamos unha zona, de Benuza a Rionor —punto limítrofe con Portugal no que as isoglosas se separan—, na cal as isoglosas discorren en feixes determinando unha fronteira abrupta entre galego e leonés. Neste caso pode trazarse unha liña divisoria clara que deixa a un lado os puntos de Ourense (galego) e ó outro os puntos da Cabreira: Sigüeya, Lomba, Silván, Trabazos, La Baña, Encinedo (leonés); en Sanabria separa Pías, Padornelo, Calabor (galego), de San Ciprián de Sanabria, San Martín de Castañeda, Sta. Cruz de Abranes, etc. (leonés). Pero noutra zona, que vai do norte de León a Benuza, e xa no sur colle Rionor, as isoglosas discorren soltas, aínda que nalgúns tramos do trazado coinciden algunhas delas. Neste caso o paso dunha lingua a outra realízase como unha transición: aquí non poden trazarse fronteiras precisas, pois as isoglosas soltas correspondentes a distintos fenómenos indican, como xa vimos, a existencia dunhas falas de transición entre os dous dominios que van marcando o paso gradual dun dialecto a outro establecendo entre eles, máis que unha fronteira, un *continuum* lingüístico. Queda claro que, en sentido estricto, e sendo fieis á realidade lingüística da área de transición, parece difícil trazar unha fronteira nesta zona, pero aínda tendo isto presente, e con tódalas reservas, propoñemos unha liña divisoria —se queremos aproximativa ou artificial— coa finalidade de, dalgún xeito, establecer unha fronteira entre o dominio galego e o leonés. Esta liña trazaríase tendo como base a clasificación establecida nas falas de transición, e deixaría a un lado toda a zona de fala galega ou de transición ó galego (modalidades: galego e galego de transición), ó outro tódolos puntos situados dentro da zona leonesa ou de transición ó leonés (leonés de transición (I, II) e leonés) e cruzaría —para marcar así o seu carácter intermedio— os puntos correspondentes á modalidade que consideramos de «transición» por presentar unha combinación de solucións equilibrada entre os dous dominios. Se aceptamos esta proposta, que marcaría a

---

vincias de León e Zamora, hai que considerar tamén outras zonas á parte do Bierzo, para o cal hai que ter presentes os datos doutros traballos parciais. Non corresponde aquí facer un estudio comparativo entre estes estudos e o que nós aportamos; simplemente citamos a continuación aqueles que adican un apartado ó estudio dos límites (algúns deles fan referencia de forma explícita a unha liña divisoria que marca o límite entre galego e leonés, outros, a lugares por onde pasa a fronteira): así, Menéndez Pidal (1962, 1ª ed. 1906), Lapesa (1985, 1ª ed. 1942), García de Diego (1978, 1ª ed. 1946) e Zamora Vicente (1989, 1ª ed. 1960) consideraron os límites do leonés e Fernández Rei (1990 a), (1990 b), (1991) os límites do galego. Por zonas, García Rey (1934), Gutiérrez Tuñón (varios) e García García (1984) trataron os límites no Bierzo, García del Castillo *et alii* (1957) e Teruelo Núñez (1975) os límites na Cabreira e por último, Cortés y Vázquez (1954) os límites en Sanabria.


fronteira entre os dous dominios amparándose nas modalidades adscritas a cada un deles, a divisoria iría, na provincia de León, de Ancares, Fornela e Bierzo ó norte da Cabreira, desde Guímara a Benuza, e na provincia de Zamora retomaríase de novo en Rionor.

A estas alturas, e xa para concluír, apuntamos unha divisoria clara que determina unha fronteira abrupta, e outra divisoria artificial, que trazamos sendo conscientes de que non deixa de ocultar unha zona na que o paso dunha fala a outra é gradual. Se aceptámo-la divisoria artificial e a consideramos xunto coa divisoria clara, podemos obter a fronteira entre galego e leonés nas provincias de León e Zamora, que reproducimos no mapa 8: a liña divisoria resultante deixaría á esquerda os puntos dos Ancares (LUM, SOR: galego), algúns do Bierzo (MA: galego; SMA, N, VF, D, VILL, CARU, BORR: galego de transición), unha zona da Cabreira que vai de PDF (galego) a CASTR (galego de transición), e os puntos de fala galega de Sanabria (PI, PAD, CAL), cruzaría GUI na Fornela, FON, EE no Bierzo, POM na Cabreira, RIO en Zamora e deixaría á dereita a zona de leonés de transición e leonés: puntos da Fornela (CHA, TRAS, PER: LTI), do Bierzo (SAN: LTI; LI, SPP, BAR: LTII), da Cabreira (BE, LLA, SIG, LOM, SIL, LB, TRA, ENC: leonés) e de Sanabria (SCS, SMC, RIB, SOT, AVE, SMT, PED e SCA: leonés). Ante esta divisoria que figura no mapa 8, elaborada e xustificada a partir dos criterios anteriormente expostos, témo-las lóxicas reservas derivadas do feito de que é unha liña que, en certos tramos, oculta unha realidade da fronteira: a transición entre galego e leonés (cf. mapas 1 e 3). Pero a pesar destas reservas, propoñemos esa liña divisoria entre os dous dominios partindo das modalidades —antes descritas— que entre eles se desenrolan, unha divisoria —se queremos unha fronteira, dando ó termo o seu carácter relativo—, que deixa a un lado o galego e as falas de transición ó galego e ó outro o leonés e as falas de transición ó leonés. Insistimos en que esta divisoria non deixa de ser unha proposta, se cadra un tanto aproximativa e artificial, pero cremos que permite, atendendo ós criterios expostos, diferencia-los dous dominios e establece-la fronteira lingüística entre o galego e o leonés.




Mapa I

Trazos pertinentes para a delimitación da fronteira.  
 Resultados de: 1. -L-; 2. E, AE, O, SI; 3. L-, -LL-; 4. -N-; 5. -NN-; 6. TENEO.



Mapa 2


Isoglosa de aditongación / ditongación de Ę en ĘGO  
Distribución das formas eu / you, ieu.



Mapa 3


Trazos pertinentes para a delimitación da fronteira. As falas na franxa de transición.






Mapa 4

Fabero.




Mapa 5

Vega de Espinareda.




Mapa 6

Benuza.



Mapa 7

Pedralba de la Pradería.



Mapa 8

Fronteira lingüística entre galego e leonés. Proposta dunha divisoria (galego, galego de transición, (transición / (transición), leonés de transición, leonés).

## BIBLIOGRAFÍA CITADA

- ALONSO, D. / GARCÍA YEBRA, V. (1959): «El gallego-leonés de Ancares y su interés para la dialectología portuguesa», *III Colóquio Internacional de Estudos Luso-Basileiros* (Lisboa, 1957), vol. 1 (1959), 309-339. Reproduciuse en *CuEG*, XVI (1961), 43-79. Reeditado en *Obras completas*, I, Madrid: Gredos (1972: 315-357) —ed. utilizada—.
- ANDRÉS CASTELLANOS, M. S. *et alii* (1957): «Límites de palatales en el Alto León», *Trabajos sobre el dominio románico leonés*, I, Madrid: Gredos, 23-39.
- BABARRO GONZÁLEZ, X. (1994): «A fronteira lingüística do galego co asturiano. Delimitación e caracterización das falas de transición dos concellos de Navia, Villallón, Allande e Ibias», en Fernández Rei (ed.), *Lingua e cultura galega de Asturias*, Vigo: Xerais, 81-148.
- (1995): «Fronteira lingüística e fronteira administrativa», *A Freita* 7, 21-24.
- BORN, J. (1992): «Leonesisch und Extremeño a) Leonesisch», en G. Holtus, M. Metzeltin, Ch. Schmitt (ed.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik*, vol. VI.1, Tübingen: Niemeyer, 693-700.
- CATALÁN, D. (1954): «Resultados áptico-palatales y dorso-palatales de -LL-, -NN- y de L-, N-», *Revista de Filología Española*, XXXVIII (1954), 1-44. Reprod. en D. Catalán (1989): *Las lenguas circunvecinas del castellano*, Madrid: Paraninfo, 100-130.
- (1956-57): «El asturiano occidental: examen sincrónico y explicación diacrónica de sus fronteras fonológicas», en *Romance Philology*, X, 71-92 e XI, 120-158. Reprod. en D. Catalán (1989): *Las lenguas circunvecinas del castellano*, Madrid: Paraninfo, 30-99.
- CINTRA, L.F. Lindley (1964): «Nova proposta de clasificación dos dialectos galego-portugueses», *Boletim de Filologia*, XXII, 1-2 (1964-71), 81-116. Reed. en L.F. Lindley Cintra (1983): *Estudos de dialectologia portuguesa*, Lisboa: Sá da Costa, 117-163.
- CORTÉS Y VÁZQUEZ, L. (1954): *El dialecto galaico-portugués hablado en Lubián (Zamora). Toponimia, textos y vocabulario. Filosofía y Letras*, Anexo de *Acta Salmanticensis*, VI, 3, Universidad de Salamanca.
- FERNÁNDEZ REI, F. (1990a): *Dialectoloxía da Lingua Galega*, Vigo: Xerais.
- (1990b): «Trazos lingüísticos nos límites orientais da galegüidade», en X.M. González Reboredo, X. A. Fernández de Rota (coord.): *Actas do Simposio de Antropoloxía «Lindeiros da Galegüidade I»*, Consello da Cultura Galega, 113-128.
- (1991): «Galego Oriental: O Bierzo, as Portelas e o Val de Verín», en X. A. Fernández de Rota, X. A. Fidalgo Santamaría, X. M. González Reboredo (coord.): *Actas do Simposio de Antropoloxía «Lindeiros da Galegüidade II»*, Consello da Cultura Galega, 97-108.
- GARCÍA ARIAS, X. L. (1992): «Asturianisch: Externe Sprachgeschichte. (Evolución lingüística externa)», en G. Holtus, M. Metzeltin, Ch. Schmitt (ed.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik*, vol. VI.1, Tübingen: Niemeyer, 681-693.
- GARCÍA REY, V. (1934): *Vocabulario del Bierzo*, Archivo de Tradiciones Populares IV, Lancia.

- GARCÍA GARCÍA, J. J. M. (1983): *La toponimia del Bierzo (Bases para un Corpus Toponymicum)*, Tese de Doutoramento, Depto. de Filoloxía Románica, Facultade de Filoloxía, Univ. Complutense de Madrid.
- GARCÍA DEL CASTILLO, J. *et alii* (1957): «Sobre el habla de la Cabrera Baja», *Trabajos sobre el dominio románico leonés*, I, Madrid: Gredos, 87-128.
- GARCÍA DE DIEGO, V. (1978): *Dialectología española*, Madrid: Ediciones Cultura Hispánica del Centro Iberoamericano de Cooperación (1.ª ed.: 1946).
- GUTIÉRREZ TUÑÓN, M. (1975): *Leonés, Gallego y Castellano en la zona de Villafraanca del Bierzo*, Resumo da Tese de Doutoramento, Univ. de Oviedo.
- (1980): «La frontera entre el leonés y el gallego en el Bierzo (León)», *Actes del XVI Congrès Internacional de Lingüística i Filologie Romàniques* (Palma de Mallorca, 1980), 2 vols, Palma de Mallorca: Moll, 1982, 1985, vol. II, 517-521.
- (1981): «El habla berciana», *Revista del Instituto de Estudios Bercianos*, 1, 5-12.
- (1987): «El gallego de El Bierzo (León)», *Actas do II Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza* (Ourense, 1987), Santiago / Ourense: AGAL (1989), 131-135.
- Instituto da Lingua Galega (1990): *Atlas Lingüístico Galego*, vol. 1: *Morfoloxía verbal*, A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- Instituto da Lingua Galega (1995): *Atlas Lingüístico Galego*, vol. 2: *Morfoloxía non verbal*, A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- KRÜGER, F. (1925): «Mezcla de dialectos», *Homenaje ofrecido a Menéndez Pidal. Miscelánea de estudios lingüísticos, literarios e históricos*, II; Madrid: Hernando, 121-166.
- (1965): «Aportes a la fonética dialectal de Sanabria y de sus zonas colindantes. Con tres mapas lingüísticos», *Revista de Filología Española XLVIII*, 251-282.
- LAPESA, R. (1985): *Historia de la lengua española*, Madrid: Gredos, (1.ª ed.: 1942).
- MADOZ, P. (1845): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*, tomo 9.
- MENÉNDEZ PIDAL, R. (1906): *El dialecto leonés*, Diputac. de Oviedo, Instituto de Estudios Asturianos, 1962.
- NEIRA MARTÍNEZ (1989): «Las fronteras del leonés», *Homenaje a Alonso Zamora Vicente II, Dialectología, Estudios sobre el Romancero*, Madrid: Castalia, 215-225.
- RECASENS I VIVES, D. (1985): «Contribució a l'estudi de les àrees dialectals de transició. El Camp de Tarragona, àrea lingüística - pont entre català oriental i català occidental», II, *XVI Congrès Internacional de Lingüística i Filologie Romàniques* (Palma de Mallorca, 1980), 2 vols., Palma de Mallorca: Moll, 1982, 1985, 539-555.
- TERUELO NÚÑEZ, M. S. (1975): *El habla de la Cabrera Baja, León*, Tese de Doutoramento, Univ. de Oviedo.
- VENY, J. (1992): «Fronteras y áreas dialectales», *Actas del congreso internacional de dialectología*, Euskaltzaindia, Bilbo 1991. *Iker* 7, 197-245.

WEINREICH (1957): «On the description of phonic interference», *Word*, 13/1, 1-11.  
 ZAMORA VICENTE, A. (1989): «Leonés», *Dialectología Española*, Madrid: Gredos  
 (1.ª ed.: 1960).

## ABREVIATURAS DOS PUNTOS

AVE: Avedillo, Concello de Cobreros, Zamora. BAR: Bárcena, C. de Fabeiro, León. BE: Benuza, C. de Benuza, León. BORR: Borrenes, C. de Borrenes, León. C: Cueto, C. de Sancedo, León. CAL: Calabor, C. de Pedralba de la Pradería, Zamora. CAN (Le1): Candín, C. de Candín, León. CAR: Cariseda, C. de Peranzanes, León. CARU: Carucedo, C. de Carucedo, León. CASTR: Castroquilame, C. de Ponte de Domingo Flórez, León. CHA: Chano, C. de Peranzanes, León. D: Dehesas, C. de Ponferrada, León. EE: El Espino, C. de Vega de Espinareda, León. ENC: Encinedo, C. de Encinedo, León. FA: Faro, C. de Peranzanes, León. FN: Fuentes Nuevas, C. de Ponferrada, León. FON: Fontoria, C. de Fabeiro, León. GUI: Guímar, C. de Peranzanes, León. H: Hervededo, C. de Camponaraya, León. HER (Z3): Hermisende, C. de Hermisende, Zamora. LB: La Baña, C. de Encinedo, León. LC: Lago de Carucedo, C. de Carucedo, León. LI: Lillo, C. de Fabeiro, León. LOM: Lomba, C. de Benuza, León. LUM: Lumeras, C. de Candín, León. LUB (Z2): Lubián, C. de Lubián, Zamora. LLA: Llamas de Cabrera, C. de Benuza, León. MA: Magaz de Arriba, C. de Arganza, León. N: Narayola, C. de Camponaraya, León. PAD: Padornelo, C. de Lubián, Zamora. PB: Priaranza del Bierzo, C. de Priaranza del Bierzo, León. PDF: Ponte de Domingo Flórez, C. de Ponte de Domingo Flórez, León. PER: Peranzanes, C. de Peranzanes, León. PED: Pedralba, C. de Pedralba de la Pradería, Zamora. PI: Pías, C. de Pías, Zamora. PM: Paradela de Muces, C. de Priaranza del Bierzo, León. PO (Z1): Porto, C. de Porto, Zamora. POM: Pombriego, C. de Benuza, León. R: Rimor, C. de Ponferrada, León. REQ: Requejo, C. de Requejo, Zamora. RIB: Ribadelago, C. de Galende, Zamora. RIO: Rionor, C. de Pedralba de la Pradería, Zamora. SAN: Sancedo, C. de Sancedo, León. SCA: Santa Cruz de Abranes, C. de Pedralba de la Pradería, Zamora. SCS: San Ciprián de Sanabria, C. de San Justo, Zamora. SE: Sésamo, C. de Vega de Espinareda, León. SIG: Sigüeya, C. de Benuza, León. SIL: Silván, C. de Benuza, León. SJM: San Juan de la Mata, C. de Arganza, León. SMA: San Miguel de Arganza, C. de Arganza, León. SMC: San Martín de Castañeda, C. de Galende, Zamora. SMT: San Martín de Terroso, C. de Cobreros, Zamora. SOR: Sorbeira, C. de Candín, León. SOT: Sotillo, C. de Cobreros, Zamora. SPP: San Pedro de Paradela, C. de Fabeiro, León. TM: Toral de Merayo, C. de Ponferrada, León. TRA: Trabazos, C. de Encinedo, León. TRAS: Trascastro, C. de Peranzanes, León. VA: Valle del Agua, C. de Cabañas Raras, León. VF: Val de Finolledo, C. de Vega de Espinareda, León. VILL: Villavieja, C. de Priaranza del Bierzo, León. VO: Voces, C. de Borrenes, León.